

**PERSOAL**

MLP/egp

Refª: 12drconvotEnxeñeiroCamiñosCanaisPortos.doc

Asunto: Convocatoria interinidades Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos

## **DECRETO NÚMERO: 12000047**

**Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde-  
Presidente do Excmo. Concello de Lugo.  
Lugo, dez de xaneiro de dous mil doce.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de decembro de dous mil once, adoptou, entre outros, o acordo número 14/856, de APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA INTERINA, NOS SUPPOSTOS PREVISTOS NO ARTIGO 10 DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, DE PRAZAS DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS.

Esta Alcaldía, en virtude das atribucións conferidas polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como do acordo nº 2/444 da Xunta de Goberno Local, do 27 de xuño do 2011, en relación cos Decretos nºs. 60/2011 e 70/2011 do Libro de Resolucións da Alcaldía: Actas e Goberno e Normalización Lingüística, do 23 de xuño e 18 de xullo, respectivamente, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Convoca-lo proceso selectivo para a cobertura interina nos supostos previstos no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, de prazas de Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos, de acordo coas seguintes bases:

### **1.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES**

Os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrixirse o requisito da non- presentación do DNI e da titulación.

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

## **PERSOAL**

MLP/egp

Refª: 12drconvotEnxeñeiroCamiñosCanaisPortos.doc

Asunto: Convocatoria interinidades Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- b) Estar en posesión do título de Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.

## **2.- ÁMBITO DE PUBLICIDADE**

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

## **3.- PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS**

Os/as que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia que lles será facilitada no Rexistro Xeral do Concello. As instancias dirixiranse o Excmo. Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais do solicitante, que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 1.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día coincidise en sábado ou festivo o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil inclusive.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou a través da vía establecida no artigo 38 da Lei 30/92 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

- a.- Fotocopia compulsada do DNI

**PERSOAL**

MLP/egp

Ref#: 12drconvotEnxeñeiroCamiñosCanaisPortos.doc

Asunto: Convocatoria interinidades Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos

b.- Fotocopia compulsada da titulación esixida.

c.- Fotocopia compulsada de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

#### 4.- SISTEMA DE SELECCIÓN

Consistirá en dúas fases:

A) Realización dunha proba consistente en desenvolver dous temas dos que figuran escollidos ó chou e a posterior resolución dun suposto práctico baseado no devandito temario, todo a realizar nun único exercicio cun reparto de puntuación do 25% para cada un dos temas e do 50% para o suposto práctico. Cada tema desenvolto avaliarase sobre 5 puntos, sendo necesario obter unha puntuación total de 5 puntos sobre 10 para superar a parte teórica. O suposto práctico avaliarase sobre 10 puntos, sendo preciso conquistar unha puntuación no mesmo non inferior a 5 puntos sobre 10.

Os aspirantes disporán dun tempo de 90 minutos para o desenvolvemento dos dous temas escollidos ó chou e un tempo de 90 minutos para a resolución do suposto práctico.

Os temas que conforman o temario proposto son os que a continuación se relacionan:

- 1.- O proxecto de obras. Contido mínimo e responsabilidade derivada da súa elaboración, esixencia de clasificación do contratista, revisión de prezos, prego de prescricións técnicas, supervisión de proxectos, replanteo do proxecto.
- 2.- Execución do contrato de obras. Comprobación do replanteo, responsabilidade do contratista, certificacións de obra, obras a tanto alzado e con prezo cerrado, modificación do contrato de obras, obras complementarias, liquidación e recepción das obras, conservación durante o período de garantía.
- 3.- Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Estudio e estudio básico de seguridade e saúde: obrigatoriedade e contido. Plan de seguridade e saúde: contido e aprobación. Libro de incidencias. Coordinadores en materia de seguridade e saúde, funcións. Obrigações do contratista en materia de seguridade e saúde.
- 4.- Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. Lexislación aplicable. Características de accesibilidade en espazos públicos, elementos de urbanización e mobiliario urbano.
- 5.- Valoración das obras a efectos de proxecto. Prezos de Execución Material das unidades de obra. Custes directos e indirectos. Custe da man de obra. Custe dos materiais. Custe de utilización da maquinaria. Cálculo do prezo de execución material dunha unidade de obra. Cálculo da porcentaxe de custes indirectos.
- 6.- Valoración das obras a efectos de cobro. Medición das unidades de obra. Prezos a aplicar ás unidades de obra. Prezos de proxecto e prezos

**PERSOAL**

MLP/egp

Ref#: 12drconvotEnxeñeiroCamiñosCanaisPortos.doc

Asunto: Convocatoria interinidades Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos

- contraditorios. Valoración das Partidas Alzadas. Valoración de unidades defectuosas o incompletas. Relacións valoradas e certificacións de obra. Liquidación das obras.
- 7.- Abastecemento de auga potable a poboacións. Usos e demandas. Consumo urbano. Dotacións. Variación e evolución do consumo. Concepto de rede de abastecemento, esquema de rede, materiais a empregar, dispositivos da mesma e funcións.
  - 8.- Drenaxe superficial. Normativa aplicable. Consideracións xerais. Cálculo dos caudais de referencia. Drenaxe da plataforma e das marxes. Criterios de Proxecto e Capacidade de desaugue. Drenaxe transversal.
  - 9.- Técnicas de drenaxe urbana sostible: ámbito de aplicación, condicións orixinadas polas augas de escorrega e medio receptor. Tipoloxías recomendadas.
  - 10.- Sistemas de saneamento de aglomeracións urbanas. Problemática de deseño dos sistemas de saneamento. Sistemas de evacuación unitarios e separativos. Vantaxes e inconvenientes.
  - 11.- Trazado de redes de saneamento. Trazado en planta. Limitacións por afeccións a dominio público, estradas, liñas ferroviarias e vías pecuarias. Trazado en alzado. Cálculo hidráulico de conducións das redes de saneamento. Velocidades de circulación. Ámbito de aplicación e ecuacións de cálculo para réxime permanente uniforme, réxime permanente gradualmente variado e réxime non permanente. Deseño mecánico dos colectores.
  - 12.- Instalacións complementarias da rede de saneamento: baixantes, sumidoiros, arquetas de inspección e pozos de rexistro, acometidas, cámaras de descarga, válvulas, ventosas, desaugues e comportas, sifóns, aliviadoiros e depósitos de retención. Deseño de aliviadoiros, depósitos de retención e estacións de bombeo.
  - 13.- Trazado de estradas (I): Trazado en planta. Trazado en alzado. Coordinación dos trazados en planta e alzado. Sección transversal. Nós, ramais, enlaces e interseccións.
  - 14.- Seccións de firme ó abeiro coa ORDEN FOM/3460/2003, de 28 de novembro, pola que se aproba a norma 6.1-IC «Secciones de firme», da “Instrucción de Carreteras”. Tipos de explanada, tráfico e determinación da sección tipo máis axeitada en cada caso.
  - 15.- Posta en obra de formigóns. Transporte do formigón a obra. Transporte do formigón na obra (vertedura, colocación, posta en obra con bomba e compactación). Xuntas de formigonado. Formigonado en tempo frío. Formigonado en tempo caloroso. Curado do formigón. Encofrados.
  - 16.- Distribución de servizos nunha rúa. Localización en planta e alzado. Dependencia do ancho e do carácter da mesma. Distancias entre os diferentes servizos. Compatibilidade coas beirarrúas, calzadas, mobiliario urbano ...

**PERSOAL**

MLP/egp

Refº: 12drconvotEnxeñeiroCamiñosCanaisPortos.doc

Asunto: Convocatoria interinidades Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos

- 17.- Pavimentación de vías urbanas. Características específicas do firme: esixencias técnicas, funcionais, ambientais e estéticas, de explotación e económicas. Seccións estruturais de firmes. Pavimentos para zonas peonís: funcións e propiedades, tipo de pavimentos. Pavimentos en pistas para ciclistas.
- 18.- Ordenación do espazo urbano (I). O espazo do peón. Parámetros de deseño, diferenciación de zonas funcionais nos espazos do peón, tipos de espazos, beirarrúas, zonas ou rúas peonís, sendas e camiños peonís. O espazo para estacionamento. Parámetros de dimensionamento, tipos de espazos, e pavimentos.
- 19.- Ordenación do espazo urbano (II). O espazo do transporte público: Parámetros de deseño, carrís bus, paradas de autobús). Pavimentación de espazos do transporte público. Paradas de taxi. O espazo da bicicleta. Parámetros de deseño, clasificación de espazos, intervencións no viario, aparcadoiros para bicicletas e pavimentación de vías para bicicletas.
- 20.- Organización dunha obra de reurbanización nunha rúa: Replanteo, traballos previos, execución da obra, prelación de tarefas e programa de traballo, remates.

**B) Baremo de méritos:**

Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito: máximo 6 puntos.

- a) Experiencia profesional: Por cada mes completo de servizos prestados en administracións públicas na categoría de Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos, 0,15 puntos ata un máximo de 4 puntos.  
Os servizos deberán acreditarse coa presentación de certificación de empresa por un lado, xuntamente co contrato de traballo ou nomeamento no seu caso.
- b) Formación:  
Por cursos de formación, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, nos que se expediran diploma, certificación de asistencia ou, se é o caso, de aproveitamento ata un máximo de 2 puntos de conformidade cos seguintes criterios:
  - Ata 14 horas de duración 0,10 puntos.
  - De 15 a 24 horas de duración 0,20 puntos
  - De 25 a 39 horas de duración 0,40 puntos
  - De 40 a 59 horas de duración 0,60 puntos
  - De 60 a 79 horas de duración 0,80 puntos
  - De 80 a 100 horas de duración 1 punto
  - De 101 ou mais horas de duración 1,15 puntos

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores

**PERSOAL**

MLP/egp

Ref#: 12drconvotEnxeñeiroCamiñosCanaisPortos.doc

Asunto: Convocatoria interinidades Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos

2) Solicitante de maior idade.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que alega o aspirante.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, unicamente poderán corrixir os requisitos indispensables para participar no proceso selectivo, pero non os que voluntariamente achegue o/a aspirante, e que queira presentar para ser tidos en conta na fase de concurso. A presentación da documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para o baremo de méritos, deberá facerse dentro do prazo de presentación de instancias, sen que sexa admisible a súa presentación dentro do prazo de emendas.

SEGUNDO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.